

Texto e ilustracións: **JAVIER OLIVARES**

Encadernado en cartón. 30x21,5 cm.

56 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

-Galego: "Astro: valente explorador"

ISBN 84-8464-547-9

-Castelán: "Astro: valiente explorador"

ISBN 84-9346-415-5

Prezo: 14 €

# ASTRO

**O cosmos. A derradeira fronteira. Dende tempos inmemoriais o home ergueu a vista cara ás estrelas, na procura de respostas. Astro, como bo explorador, vai na procura das preguntas.**

No espazo sideral ocorren cousas que na Terra pasan desapercibidas. Hai planetas de estraña composición, máquinas de tecnoloxía superior, seres que van a tódalas partes a bordo de foguetes autopropulsados. Astro actúa como guía do lector, descubríndolle os segredos inescrutables do cosmos.

Porque Astro é explorador. Máis aínda, "valente explorador". Só que ás veces descobre que as cousas fascinantes acontecen ao seu redor, non tanto nos confins do universo. Nembargantes, grazas á súa insaciable curiosidade, sabemos detalles tan interesantes como que o espazo está "moi mal sinalizado".

Así, con grandes doses de humor, tamén descubrimos que temos moito en común con el, por moi extraterrestre que sexa: atérralle ir ao dentista, no cosmos tamén se sofre estrés laboral e malia ter idade para poderse enfrontar cos perigos máis indescribíbles da galaxia, Astro aínda vive... na casa dos seus pais.


Mamá Aurora Boreal é tan protectora

-ou Astro tan despistado- que o alerta a cotío de cruzarse cos aerolitos; a tía Nebulosa é tan rabechuda que para ela nada do que descubra Astro estará ben; e 4D2 é un inxenuo robot de cociña aspirante a explorador. Pero Astro non se dá por vencido, satisfeito co "orgullo de facer avanzar un paso máis aló o coñecemento universal".

## JAVIER OLIVARES (Madrid, 1964)

Exerce como debuxante de historietas e ilustrador dende 1985. Os seus traballos publicáronse en revistas como Madriz, Tos, a italiana Black ou o proxecto internacional Comix 2000. Tamén diseña e dirixe cortos de animación. As súas ilustracións para libros infantís editáronse en SM, Anaya e Media Vaca. Actualmente prepara varias iniciativas artísticas para Francia e Italia.

Con Astro -que se publicou por primeira vez en catalán na revista Tretzevents- Olivares converte en protagonista de cómic un xoguete da súa infancia. Do seu gusto pola estética dos anos 50 e 60 e inspirado nos famosos Supersónicos, xurde este personaxe audaz, divertido e algo contradictorio.



- **Temática:** banda deseñada
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aplicacións:** entrevista co autor, making-off das historietas e colaboracións doutros debuxantes